

1. Datos xerais

1.1.- Os OBRADOIROS CULTURAIS e ESCOLAS DEPORTIVAS nas que poden preinscribirse as persoas interesadas para o curso 2010/11 son as seguintes:

OBRADOIROS CULTURAIS – CURSO 2010/11

Esteiro: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado

Tal: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado

Abelleira: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado

Torea: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe e Bordado

Serres: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado e Bailes de salón

Muros: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado e Teatro

Louro: Arte floral, Traballos manuais, Encaixe, Bordado e Bailes de salón

ESCOLAS DEPORTIVAS – CURSO 2010/11

Esteiro: Baloncesto, Fútbol sala, Ximnasia, Patinaxe

Muros: Baloncesto, Fútbol sala, Ximnasia, Patinaxe (comezarán a partires de novembro) e Xadrez

Abelleira: Ximnasia de mantemento

Tal: Ximnasia de mantemento

1.2.- Se existira moita **demanda para participar nalgunha escola ou obradoiro que non aparece na relación, estudarase a posibilidade de que a mesma se constituía**, na localidade na que se produza a demanda.

1.3.- As idades esixidas para participar nas actividades son:

ACTIVIDADE

ESC. DE PATINAXE

ESC. DE BALONCESTO

FÚTBOL SALA E XADREZ

XIMNASIA DE MANTEMENTO

TEATRO

BAILES DE SALÓN e TRAB. MANUAIS

ARTE FLORAL, ENCAIXE e BORDADO

NADOS/AS

Entre 1994/2006 (ambos inclusive)

Entre 1994/2005 (ambos inclusive)

Entre 1994/2004 (ambos inclusive)

Nados/as no ano 1997 ou anteriores

Nados/as no ano 2003 ou anteriores

Nados/as no ano 2002 ou anteriores

Nados/as no ano 1997 ou anteriores

2.Preinscrición (do 1 ao 15 de setembro)

2.1.- Ábrese o prazo de preinscrición **do 1 ao 15 de setembro**.

2.2.- Esta preinscrición formalizarase **nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros**. Na mesma os/as interesados/as **comprometeranse a asistir ás modalidades** que prefiran e na localidade que indiquen, sempre que se poida constituír grupo.

2.3.- Constituiranse tan só os grupos de traballo **que acaden unha preinscrición mínima de 12 persoas**. Para a “ESCOLA DE XADREZ” esíxese un grupo mínimo de 6 e un máximo de 12 alumnos/as.

2.4.- Ás persoas preinscricionadas nas actividades que non poidan ser impartidas **daráselles a opción de elixir outro grupo ou actividade**.

2.5.- Os **horarios** das escolas deportivas e dos obradoiros culturais definitivamente constituídos faranse públicos **o 22 de setembro**, data na que comezará o período de matrícula.

3. Matrícula (do 22 ao 30 de setembro)

3.1.- Para formalizar a matrícula, **as persoas preinscricionadas deberán consultar no Centro Cultural e Xuvenil de Muros ou ben vía telefónica no 981762294 a constitución dos grupos e o seu horario, e despois ingresar no nº de conta que se lle indique, unha cota de 18 €, do día 22 ao 30 de setembro**, que lle dará dereito a participar na escola ou obradoiro que elixira, durante toda a tempada.

3.2.- Se despois de formalizar a matrícula algunha persoa non puidera asistir ás clases, non terá dereito á devolución da cota nin á substitución directa por outra persoa, sen autorización expresa do concello.

3.3.- Non se poderá mudar de actividade despois de comezadas estas.

4. Prazas libres (do 4 ao 8 de outubro)

4.1.- Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 4 ao 8 de outubro no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

5. Comezo das actividades

5.1.- As actividades darán **comezo a partir do luns 4 de outubro**.

5.2.- As actividades que teñan lugar no **PAVILLÓN DE MIRAFLORES DE MUROS COMEZARÁN A PARTIRES DE NOVEMBRO, DEBIDO ÁS OBRAS QUE SE REALIZAN NESTE**.